



DOCUMENTACIÓN ALTA NOVO CLUB NA F.G.D.I.

A seguinte documentación é necesario presentala na Federación Galega de Deportes de Inverno para que o club sexa recoñecido dentro do estamento de clubs. Toda a documentación solicitada ten que se presentar previamente na Xunta de Galicia:

- Copia da Acta Fundacional do Club
- Copia dos Estatutos do Club aprobados pola Xunta de Galicia, no que deben figurar como afiliada á Federación Galega de Deportes de Inverno o practicante dalgunha modalidade deportiva dos deportes de inverno (Esquí Alpino, Esquí de Fondo, Biathlon, Saltos de Esquí, Esquí Artístico e Acrobático, Snowboard, Telemark, Trineo con cans e Pulka Escandinava).
No caso de o club xa exista e non contemple actividades de ningunha modalidade da FGDI hai dúas posibles solucións:
 - Modificación dos estatutos do club mediante unha Asemblea Extraordinaria para incluír algunha das modalidades da FGDI
 - Creación dunha sección deportiva dentro do club que inclúa algunha das modalidades da FGDI.
- Relación de cargos da Xunta Directiva do club
- Documento de Resolución do Rexistro da Xunta de Galicia conforme o club está inscrito no rexistro de asociacións deportivas e deportistas da Xunta de Galicia.
- Calquera outra información de contacto (Dirección postal e electrónica, Páxina web, Teléfono, CIF...)

No seguinte enlace está toda a información para dar de alta unha entidade deportiva:
<https://deporte.xunta.gal/gl/rexistro-de-entidades>

Unha vez recibidos estes datos, se dará de alta o club na FGDI e se mandará copia á RFEDI para a súa alta tamén na Federación Española.

- Pagar a cota anual de club, que nesta temporada ascende a **200 €** para os clubs de nova incorporación, e de **100 €** a partir do segundo ano ou clubs xa pertencentes á FGDI.
O número de conta da FGDI é: CAIXABANK ES13 2100-1771-9102-0024-0076

Asimesmo, é necesario manter estes datos actualizados, enviando copia no momento no que se produza algunha modificación (cambio de xunta directiva, modificación de estatutos, cambio de dirección do domicilio social...)

Unha vez o club estea dado de alta na FGDI e abonada a cota anual, xa pode tramitar licenzas de competición para os seus deportistas.



TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE COMPETICIÓN

Independentemente da modalidade de licenza elixida, o proceso para tramitar a licenza é o seguinte:

- Enviar á Federación (por carta, correo electrónico ou ben persoalmente) o Formulario de datos persoais e solicitude de Licenza debidamente cuberto, que se pode descargar na seguinte dirección da web da FGDI:
<http://www.fgdi.es/web/tarxeta-federativa/como-tramitar-a-licenza/>
- Facer o ingreso correspondente ó total das licenzas na conta da FGDI.
O número de conta da FGDI é: CAIXABANK ES13 2100-1771-9102-0024-0076
- Só no caso de Licencia de Competición Nacional tramitar a través da Extranet da RFEDI os datos do deportistas, para que esta Federación poda validalos.

As licenzas se envían por correo electrónico á dirección do club.

MODALIDADES DE LICENZA DE COMPETICIÓN

LICENZA COMPETICIÓN AUTONÓMICA CLUB

Para probas autonómicas non incluídas en calendario nacional de calquera modalidade.

Cobertura Europa

Validez: ata o 31 de maio

PREZO: 60 €

LICENZA COMPETICIÓN NACIONAL CLUB

Para competicións de calquera calendario e modalidade

Cobertura Europa

Validez ata o 31 de maio

PREZO: 75 €

Está incluída a Licenza da RFEDI

Para a categoría U10-U12 o custe é de 63 €

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>